

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

*ORDE do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, se convocan para o ano 2022 e se abre o prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B).*

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe á nosa Comunidade Autónoma.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que exige realizar un esforzo de renovación continuo para adaptarse á realidade actual e aos novos hábitos de compra das persoas consumidoras.

Por outra parte, na actualidade, e tras a crise sanitaria causada pola COVID-19, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/das consumidores/as, e afecta de forma moi significativa a actividade comercial e, en xeral, a economía das persoas consumidoras.

Por isto, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación convoca, por segundo ano consecutivo, o programa de bonos Activa comercio, dada a repercusión positiva que tivo a primeira edición do programa na reactivación das vendas no comercio de proximidade galego, facendo posible que numerosas persoas puidesen beneficiarse destas axudas.

A finalidade da segunda edición do programa de bonos Activa comercio é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a



reactivación económica do comercio retalista, promovendo as compras de bens en comercios e paliando o impacto negativo derivado da crise económica, obxectivos estes que, no contexto da actual situación inflacionista, tamén terán un impacto positivo na economía das persoas consumidoras ao poder beneficiarse de descontos nas compras que realicen no seu comercio de proximidade.

Os bonos Activa comercio poderán utilizalos as persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retallistas radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran ao programa, e as persoas consumidoras serán parte activa e fundamental para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica do seu comercio de proximidade.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras**

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Así mesmo, por medio desta orde convócanse para o ano 2022 e ábrese do prazo de adhesión dos comercios interesados (código de procedemento CO301B).

**Artigo 2. Obxectivos**

O obxectivo do programa de bonos Activa comercio é incentivar a demanda comercial, axudando economicamente as persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña.

Ademais, o programa ten como finalidades propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionaria.



**Artigo 3. Orzamento**

Para a concesión destas axudas destinaranse 5.000.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta cantidade poderase incrementar en función da evolución do programa de bonos Activa comercio co obxecto de aumentar o número de persoas beneficiarias e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

**Artigo 4. Entidade colaboradora**

A entrega e a distribución dos fondos das axudas faranse coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Orde do 21 de setembro de 2022 pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301A).

**Artigo 5. Actividade subvencionable**

Por medio desta orde subvencionarase a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa.

As vendas subvencionadas serán as que se realicen desde a data fixada no artigo 17 destas bases reguladoras para o lanzamento dos bonos ata o 31 de decembro de 2022.



Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de 30 € para as compras realizadas nos comercios adheridos.

O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

#### Artigo 6. *Natureza das axudas*

As axudas que se concedan no marco do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio terán a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables.

#### Artigo 7. *Procedemento de concesión*

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto no artigo 3 destas bases reguladoras.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial en promover actuacións que fomenten o consumo nos comercios retallistas, se cumpren os requisitos especificados nesta orde.

#### Artigo 8. *Órgano responsable da xestión das axudas*

O órgano responsable da xestión das subvencións será a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, a quen lle corresponderá desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.



A xestión dos fondos públicos asignados ao programa de bonos Activa comercio levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 9. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras. Para ser beneficiarias terán que tramitar as súas solicitudes conforme o establecido nesta orde.

#### Artigo 10. *Alta e requisitos dos comercios para a adhesión ao programa*

1. Os establecementos comerciais retalistas que desexen adherirse ao programa de bonos Activa comercio deberán rexistrarse na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal), con indicación da seguinte información:

- Nome e apelidos ou razón social.
- Establecemento comercial en Galicia.
- NIF.
- Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal (incluído no anexo I).



- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.

2. O prazo para adherirse ao programa será desde o 13 de outubro de 2022 ata o 30 de novembro de 2022, sen prexuízo da súa posible ampliación nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Poderán adherirse ao programa de bonos Activa comercio os establecementos comerciais retallistas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia (establecemento comercial en Galicia) e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.

b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

c) Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no anexo I desta orde.

4. A alta e o uso da aplicación por parte das persoas comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informadas convenientemente.

5. Na alta para a adhesión ao programa, as persoas comerciantes poderán outorgar a súa autorización para recibir información das axudas, actuacións e programas que poña en marcha a Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

6. As persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigadas a cumprir. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.



7. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

8. O nome comercial e a localización dos establecementos retallistas adheridos ao programa de bonos Activa comercio faranse públicos na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

9. As persoas comerciantes adheridas ao programa recibirán, cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos bonos trocados no seu establecemento, agás no suposto previsto no artigo 20.

#### Artigo 11. *Comprobación de datos das persoas comerciantes*

Poderán consultarse automaticamente os datos das persoas comerciantes incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa representante.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a entidade solicitante.

No caso de que a persoa interesada se opoña á súa consulta, deberá achegar os documentos.

#### Artigo 12. *Presentación da solicitude dos bonos*

1. Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) indicando a seguinte información:

a) Nome e apelidos.

b) Maioría de idade.

c) DNI ou NIE.

d) Número de teléfono móbil.

e) Localidade de residencia e código postal.





2. O uso da páxina web e a descarga dos bonos por parte das persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informadas convenientemente.

3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

4. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

5. Opcionalmente, os bonos poderanse solicitar presencialmente na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nas xefaturas territoriais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

As persoas interesadas, ou os/as seus/súas representantes, poderán autorizar expresamente os/as empregados/as para a solicitude e a obtención dos bonos en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración responsable en comparecencia persoal da persoa interesada ante o/a funcionario/a da Administración.

### Artigo 13. *Sistema de funcionamento dos bonos*

1. A descarga dos bonos por parte das persoas usuarias realizarase na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal), e entenderase neste momento preconcedida a axuda. Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas consumidoras e usuarias, os/as comerciantes terán que descargar no seu móbil a APP bonos Activa comercio.

3. No momento da compravenda, os/as comerciantes terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda, e aparecerá automaticamente o importe que hai que cobrar





(unha vez aplicado o desconto). Pola súa banda, as persoas usuarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

#### Artigo 14. *Obrigas dos comercios retalistas adheridos ao programa*

Os establecementos comerciais adheridos ao programa de bonos Activa comercio adquirirán, a través da solicitude de adherencia ao programa, as seguintes obrigas:

a) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa de bonos Activa comercio.

b) Facer o desconto directo dos bonos nos tickets ou facturas de compra emitidos, de xeito que as persoas usuarias non cheguen a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado.

c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida no número 5 do artigo 16 destas bases reguladoras.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.

e) Conservar durante un ano todos os tickets ou facturas de compra xustificativas da aplicación dos bonos, en canto poidan ser obxecto de comprobación e control por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, e comprometerse a non facilitárllelas a outras persoas ou establecementos.

#### Artigo 15. *Órganos competentes para a instrución e resolución*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para instruír o procedemento de concesión da subvención.

Corresponderalle á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.



**Artigo 16. *Condicións de uso dos bonos***

1. Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono, que poderá ser usado nun ou varios dos comercios retalistas adheridos ao programa.

2. Cada bono terá un valor de 30 €. En función do importe das compras, poderán obterse os seguintes descontos:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

3. O período de validez dos bonos estenderase ata o 31 de decembro de 2022 desde a data fixada para o seu lanzamento no artigo 17 destas bases reguladoras, salvo esgotamento previo do seu saldo.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os/as comerciantes terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O/a comerciante non poderá aboarlle á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

6. Non será aplicable o troco dos bonos para as compras en liña.

**Artigo 17. *Data de activación dos bonos***

Os bonos estarán dispoñibles na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 24 de outubro de 2022 e a súa validez estenderase ata o 31 de decembro de 2022.

Mediante orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderase modificar a antedita data se razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellen, e darase a oportuna publicidade.



**Artigo 18. *Vixencia do programa***

O programa de bonos Activa comercio estará vixente ata o 31 de decembro de 2022.

Mediante orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderase modificar a devandita data se razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellen, e darase a oportuna publicidade.

**Artigo 19. *Instrución e resolución da concesión***

Solicitados os bonos na forma establecida no artigo 13 destas bases reguladoras, as axudas entenderanse preconcedidas.

A resolución de concesión das axudas publicarase na páxina web oficial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, con indicación das persoas beneficiarias e do importe das axudas concedidas.

**Artigo 20. *Xustificación e inspección***

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, como responsable do programa, reserva para si o dereito a realizar durante o período de vixencia dos bonos e a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa de bonos Activa comercio.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá cancelar a adhesión destes ao programa subvencional. Neste caso comunicarlle a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e paralizar o proceso de pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios retalistas adheridos ao programa de bonos Activa comercio están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

**Artigo 21. *Compatibilidade con outras axudas***

As axudas obtidas ao abeiro desta orde serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras administracións públicas.



**Artigo 22. Información básica en materia de protección de datos persoais**

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria, e a Xunta de Galicia, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, posúe a condición de responsable do tratamento, e serán tratados coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión dos bonos Activa comercio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, con base na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Para a entrega do material coa imaxe corporativa do programa de bonos Activa comercio aos establecementos adheridos, a información relativa ao nome comercial e ao enderezo postal do comercio retalista, ao nome da persoa representante e ao teléfono móbil poderá ser comunicada a terceiros colaboradores.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos comercios retalistas adheridos ao programa na páxina web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable, acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Así mesmo, poderán exercer os devanditos dereitos na correspondente dirección da entidade financeira colaboradora: Servizo de Atención ao Cliente de Abanca, Rúa Nova, 1, entresollado, 15003 A Coruña ou a través do correo [atencioncliente@abanca.com](mailto:atencioncliente@abanca.com); e poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos na política de privacidade da entidade publicada na web: <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

As persoas interesadas poderán consultar máis información e contactar co delegado de protección de datos (DPD) na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

**Artigo 23. Transparencia e bo goberno**

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artículo 24. *Información*

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través da web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderán facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

#### Disposición adicional. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Francisco José Conde López

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación



**ANEXO I**

Grupos e epígrafes do IAE:

651.1. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.

651.2. Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e tocado.

651.3. Comercio polo miúdo de lenzaría e corsetaría.

651.4. Comercio polo miúdo de artigos de merzaría e paquetaría.

651.5. Comercio polo miúdo de pezas especiais.

651.6. Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.

651.7. Comercio polo miúdo de confeccións de peletaría.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e artigos para a hixiene e o aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653.1. Comercio polo miúdo de mobles (agás os de oficina).

653.2. Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.

653.3. Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).

653.6. Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.

653.9. Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar NRNP.



656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, pezas e aveños ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.1. Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixería.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.8. Comercio polo miúdo denominado sex-shop.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

972.1. Servizos de barba de señora e cabaleiro.

972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

